

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoto de decembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García en substitución do vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para ampliación da explotación de vacún de leite existente, con recoñecemento da existencia de explotación do 1 de xaneiro de 2003, e licenzas urbanísticas 249/00, 484/15, e expedientes procedementos 2019/Y001/000055, 2021/Y001/000245, no lugar de Saa, parroquia de Santiago de Saa. (2024/Y001/000093); para ampliación da explotación de vacún de leite existente no lugar de Lamaboa, parroquia de San Xoán do Campo (exp. 2024/Y001/000095) e para a execución de obras de reparación de humidades da cabeceira da catedral de lugo na praza Santa María, praza Fernando de Casas Novoa e travesía Deán Fernández Varela (exp. 2024/Y001/000184).

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra a resolución número 9810/2024, do 23 de outubro de 2024, ditada polo director xeral de urbanismo, pola que resolvía non autorgar a licenza urbanística para rehabilitación de vivenda turística na calzada da Ponte, número 99 (2024/P014/000110).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. TESOURERÍA.- Acórdase a aprobación do plan de control tributario para 2025.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7083943327384998569.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-12-2024

3. PERSOAL.- Acórdase a rectificación do acordo 6/499 bases específicas para o acceso en propiedade de 12 prazas de bombeiros/as condutores/as pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (2 prazas pertencentes á oep 2021, 4 prazas pertencentes á oep 2022, 4 prazas pertencentes á OEP 2023 e 2 prazas pertencentes á OEP 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de novembro de 2024.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación do servizo de limpeza de centros, dependencias e CEIPS do Concello de Lugo, exp. ref. 2022-C003-0000024, exp. ref. 2022- C003-000003.

Fóra da orde do día

- Acórdase a adxudicación na contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo. Exp. Ref: 2024-C003-000031.

- Acórdase a autorización para a redacción de proxecto modificado e continuación provisional da execución da obra no expediente de contratación da obra de acondicionamento do contorno urbano entre as rúas da cidade de Viveiro e Frei Plácido Rei Lemos, Lugo. Exp. Ref. 2023/C002/000013.

- Acórdase a Delegación de competencias na Excma. Alcaldesa para todos os actos de trámite e resolutivos para a contratación de dous concertos de Ainhoa Arteta que se celebrarán os días 20 e 22 de decembro de 2024. Exp. ref. 2024-C005-000008.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.